



**Resolución de aprobación da convocatoria selectiva para a contratación dun/ha técnico I mediante a modalidade contractual de realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica con cargo ao proxecto denominado “WETWINE SOE1/P5/E0300 *Proxecto de cooperación transnacional para promover a conservación e a protección do patrimonio natural do sector vitivinícola na zona SUDOE*”.**

ARA

O Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), créase polo artigo 31º da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1 b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

En materia de persoal, o Instituto rexerese polo disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de aplicación na materia (art. 59, disposición derogatoria 1).

Na contratación deberá terse presente ó disposto na Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes. A necesidade de posuír un amplo coñecemento en enxeñería agrónoma, así como, contar con especialización e dominio en materia de investigación sobre a xestión dos residuos na industria vitivinícola, para a cobertura deste expediente de contratación de persoal. Dado o carácter marcadamente específico e técnico das funcións que se precisan na cobertura deste expediente de contratación de persoal e tendo en conta a formación específica que debe ser esixible para poder realizar certos tipos de traballos de investigación, faise necesario incoar un proceso selectivo de persoal para o desempeño das funcións que se recollen nas bases do presente expediente.

Polo que, en virtude das facultades delegadas polas Resolucións de 5 de setembro de 2012 (DOG núm 178, de 18 de setembro de 2012) e a do 24 de abril de 2013 (DOG núm. 85, do 3 de maio de 2013), e segundo o Acordo do Consello de Dirección de 29 de xuño de 2012 e o Decreto 259/2006, de 28 de decembro polo que se aproba o Regulamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, Tomás Fernández- Couto Juanas, en condición de director do Ingacal,





## RESOLVO

Convocar un proceso selectivo para a contratación temporal dun/ha titulado/a superior (Técnico I), grao grao en Enxeñería agrónoma ou grao en enxeñería agrícola e agroalimentaria ou agrícola e do medio rural. para o desenvolvemento do proxecto denominado WETWINE SOE1/P5/E0300 *"proxecto de cooperación transnacional para promover a conservación e a protección do patrimonio natural do sector vitivinícola na zona SUDOE"*, con arranxo ás seguintes:

## BASES DA CONVOCATORIA

As presentes bases constitúen un conxunto de instrucións, normas e especificacións que rexerán a contratación de persoal de duración determinada baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, transparencia e non discriminación.

### **Primeira.- Obxecto da convocatoria**

O obxecto do proceso selectivo é a selección e contratación temporal polo Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal) dun/ha titulado/a superior (Técnico I), grao en Enxeñería agrónoma ou grao en enxeñería agrícola e agroalimentaria ou agrícola e do medio rural ou equivalente para o desenvolvemento do proxecto denominado WETWINE SOE1/P5/E0300 *"Proxecto de cooperación transnacional para promover a conservación e a protección do patrimonio natural do sector vitivinícola na zona SUDOE"*.

### **Segunda.- Publicidade e réxime xurídico da contratación**

A presente convocatoria publicárase no DOG, axustándose no disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Sector Público Autonómico de Galicia, á Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, e demais normativa concordante.

Esta contratación revestirá a modalidade contractual para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica regulado na lexislación vixente que resulte de aplicación,





particularmente, polo disposto nos artigos 12 e 15 do Estatuto dos Traballadores modificado polo Real Decreto Lei 10/2010, pola Lei 12/2001, con especial referencia aos termos da disposición adicional sétima, pola Lei 14//2011 e o Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o referido artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

A xornada laboral será completa.

O posto de traballo estará situado na sede Instituto Galego da Calidade Alimentaria en Boqueixón (A Coruña).

Deberanse realizar os desprazamentos necesarios derivados do plan de actuación, especialmente a Estación de Enoloxía e Viticultura de Galicia en Leiro (Ourense).

### Terceira.- Duración

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter temporal. A duración do contrato será desde a data da sinatura ata o 30.06.2018.

Para o/a candidato/a seleccionado/a, unha vez formalizada a relación laboral establecerase un período de proba de tres (3) meses, de conformidade co disposto no artigo 14 do v Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

### Cuarta.- Tarefas a desempeñar

As actividades a desenvolver son as seguintes:

*-Labores de coordinación, xustificacións económicas e administrativas, preparación de informes técnicos asociados e asistencia ás reunións de coordinación do proxecto.*

*-Labores técnicos asignadas ao Ingacal no proxecto.*

- GT0: Preparación do Proxecto
- GT1: Deseño, construción e implementación do sistema de valorización demostración (anaerobia + humedal de auga + humedal de lodo) en base a datos históricos.
- GT3: Formulación e composición do fertilizante a partir do sólido obtido no sistema WETWINE e outros sistemas biolóxicos convencionais.





- GT4: Análise do impacto de efluentes residuais vitivinícolas no patrimonio natural e mellora das prácticas de xestión de residuos no sector en base ós resultados do sistema WETWINE.
- GT5: Transferencia de boas prácticas ao sector vitivinícola para a conservación del patrimonio natural na zona SUDOE.

As devanditas tarefas e accións teñen autonomía e sustantividade propia dentro da actividade do Ingacal.

### **Quinta.- Requisitos xerais**

O/a candidato/a deberá reunir, tanto no día en que finaliza o prazo de presentación das solicitudes como no momento da sinatura do contrato, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española; ou ser nacional dalgún dos estado membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación dos traballadores; ou ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

- b) Idade: ter cumpridos dezaseis (16) anos.
- c) Capacidade funcional: a estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos





públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

### Sexta.- Requisitos específicos

- a) Titulación requirida: grao en Enxeñería agrónoma ou grao en enxeñería agrícola e agroalimentaria ou agrícola e do medio rural ou equivalente.
- b) Coñecemento do idioma galego acreditado mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que un candidato non poida acreditalo, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega. Esta proba se regula no anexo I destas bases.
- c) Estar en posesión do carné de conducir (B).
- d) Disponibilidade para desprazarse polo territorio nacional e o estranxeiro.

### Sétima .- Solicitudes e prazo

Os aspirantes que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán presentar debidamente cumprimentada a solicitude que figura anexa a estas bases no prazo de **dez (10) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no Diario Oficial de Galicia.

As instancias, dirixidas ao Director do Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), presentaranse no rexistro xeral do Ingacal, sito na Pazo de Quián s/n Sergude 15881 Boqueixón (A Coruña) ou na forma prevista no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do concursante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio.

### Oitava.- Documentación a presentar





Os aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do DNI.
- b) Currículo.
- c) Copia cotexada do título Celga 4 ou equivalente.
- d) Copia cotexada do título da titulación. Copia cotexada da realización de másters ou cursos de
- e) especialización nos temas considerados neste proceso selectivo.
- f) Copia cotexada do carné de conducir (categoría B).
- g) Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social.
- h) Copia cotexada dos contratos de traballo.
- i) Copia cotexada dos certificados de participación en proxectos de cooperación transnacional e de investigación relacionados co obxecto do proxecto; especificando se foi en calidade de investigador principal ou de investigador participante.
- j) Copia cotexada dos certificados de coñecemento do idioma Francés, Inglés e Portugués.
- k) Copia cotexada das publicacións relacionadas co obxecto do proxecto onde figuren os autores ou documento acreditativo da súa aceptación para publicación. No caso de comunicacións orais, documento acreditativo da presentación das mesmas.

Todos os méritos que o/as aspirantes presenten para a súa valoración, enténdense referidos ao día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para os efectos da documentación requirida, admitirase a documentación cotexada polo propio Ingacal e a cotexada por outras administracións públicas, organismos autónomos, entidades públicas empresariais, universidades públicas e as axencias estatais, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por notario.

A documentación presentarase en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá ir acompañada de tradución oficial.

Para calquera consulta ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico no seguinte número 881 997 276, en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.





## **Novena.- Procedemento de selección**

O sistema de selección será por concurso.

### **1.- Comisión de Selección**

Respecto á válida constitución e adopción de acordos da Comisión de Selección, como ao resto dos aspectos do proceso selectivo, estarase ao establecido nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para os efectos de comunicación e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede no Instituto Galego da Calidade Alimentaria, Ingacal, Pazo de Quián s/n, Sergude 15881 Boqueixón, A Coruña.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir notificándollo ao director do Ingacal, cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de persoas aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

A presidencia solicitará dos membros do tribunal declaración escrita expresa de non estar incursos nas circunstancias previstas no dito artigo.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias antes citadas.

### **2.- Funcións da Comisión de Selección**

- a) Avaliar a acreditación requirida e outorgarles as cualificacións ós aspirantes segundo as normas da presente convocatoria.
- b) Formalizar mediante actas todo o proceso selectivo e o resultado final, que se remitirá ó órgano de contratación.





- c) Interpretar o contido destas bases e resolver as dúbidas e incidencias que xurdan no proceso de selección.
- d) Propor á dirección do Ingacal os candidatos/as que obtiveron maior puntuación a efectos de contratación.

As comunicacións e demais incidencias, serán dirixidas á Comisión de Selección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria con enderezo en Pazo de Quián s/n Sergude 15881 Boqueixón (A Coruña).

#### **Décima.- Lista de admitidos**

Expirado o prazo para a presentación de solicitudes a Comisión de Selección publicará na páxina web:

[http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion\\_e\\_formacion/instituto\\_galego\\_da\\_calidade\\_alimentaria/documentacion/persoal/](http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion_e_formacion/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/documentacion/persoal/) e no taboleiro de anuncios do Instituto, a resolución coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Na lista constará, en todo caso, o número do documento de identidade ou documento equivalente e a condición acadada, de admitidos/as ou excluídos/as. No caso dos/as excluídos/as farase constar o motivo da exclusión, tendo o prazo de **tres (3) días hábiles**, contados a partir do día seguinte a publicación, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Neste período de emenda soamente pode rectificarse a documentación achegada, e nunca aportar nova documentación.

A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que será publicada no prazo máximo de **dez (10) días hábiles** posteriores á finalización do prazo de emenda.

#### **Undécima .- Proceso de selección**

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases:

##### **1ª fase: Baremo de méritos (máximo 90 puntos):**

Se algún/algunha candidato/a supera as puntuacións máximas sinaladas para cada unha das liñas seguintes, outorgaráselle a máxima puntuación que corresponda nese apartado.







O baremo de méritos será o seguinte:

**1.- Formación (máximo 30 puntos):**

a) Masters, cursos, publicacións, comunicación orais a congresos ou reunións ou seminarios relacionados co obxecto do proxecto e/ou coa xestión de proxectos de I+D+i, coa xestión de programas ou fondos europeos, e coa xestión de axudas públicas no eido agroindustrial (máximo 20 puntos).

- Masters, cursos, seminarios (máximo 10 puntos)
  - Entre 30 e 50 horas: 1 puntos.
  - Entre 50 e 100 horas: 2,5 puntos.
  - Entre 100 e 200 horas: 5 puntos.
  - Máis de 200 horas: 10 puntos.
- Publicacións, comunicación orais a congresos (máximo 10 puntos)
  - 0,5 puntos por publicación coa temática do proxecto
  - 0,3 punto por comunicación a congreso

b) Coñecemento do idioma francés, ou portugués (máximo 8 puntos).

Tómase como referencia ó **MCERL (Marco Común Europeo de Referencia para as linguas do Consello de Europa)**.

- Polo nivel usuario básico A2 (Plataforma) do nivel básico da EOI, DELF A2 (Diplôme d'Études en Langue Française) ou CIPLE (Certificado Inicial de Português Língua Estrangeira): 1 punto
- Polo nivel usuario independente B1 (Umbral) do MCERL, nivel intermedio de EOI, DELF B1(Diplôme d'Études en Langue Française) ou DEPLE (Diploma Elementar de Português Língua Estrangeira): 2 puntos
- Polo nivel usuario independente B2 (Avanzado) do MCERL, nivel avanzado de EOI DELF B2 (Diplôme d'Études en Langue Française) ou DIPLE (Diploma Intermédio de Português Língua Estrangeira): 3 puntos





- Polo nivel usuario competente C1 (Dominio Operativo Eficaz) do MCERL, DALF C1 (Diplôme Approfondi de Langue Française) ou DAPLE (Diploma Avançado de Português Língua Estrangeira): 4 puntos
- Polo nivel usuario competente C2 (Mestría) do MCERL, DALF C2 (Diplôme Approfondi de Langue Française) ou DUPLE (Diploma Universitário de Português Língua Estrangeira): 5 puntos

c) Coñecemento de programas informáticos a nivel usuario (máximo 2 puntos)

- Procesador de texto (30 ou máis horas): 0,40 puntos
- Follas de cálculo (30 ou máis horas): 0,40 puntos
- Presentación de textos (30 ou máis horas): 0,40 puntos
- Bases de datos (30 ou máis horas): 0,40 puntos
- Internet/intranet e correo electrónico (30 ou máis horas): 0,40 puntos

**2.- Experiencia (máximo 60 puntos):**

- Contratos de traballo relacionados coa xestión de programas e fondos da UE e/ou coa participación en iniciativas de transferencia de tecnoloxía e xestión de proxectos de I+d+i: 1 punto por mes, ata un máximo de 30 puntos.
- Contratos de traballo relacionados coa innovación empresarial no eido agroalimentario: 1 punto por mes, ata un máximo de 20 puntos.
- Contratos de traballo relacionados có sector vitivinícola: 1 punto por mes, ata un máximo de 20 puntos.
- Participación en proxectos de cooperación transnacional e de investigación relacionados co obxecto do proxecto: 0,5 puntos por mes, ata un máximo de 10 puntos.

Os contratos poderán ser complementados con certificacións das funcións concretas realizadas durante a duración dos mesmos.

A valoración de méritos publicárase no taboleiro de anuncios de Ingacal e na súa páxina web. Contra ela poderase interpor reclamación no prazo de **cinco (5) días naturais** desde o día seguinte ao da publicación.





## Publicación da valoración de méritos

A valoración de méritos publicarase no taboleiro de anuncios do Ingacal e na súa páxina web. Contra ela poderase interpor reclamación no prazo de **tres (3) días hábiles** desde o día seguinte ao da publicación.

Transcorrido o prazo de reclamacións, a Comisión de Selección publicará a lista definitiva coas puntuacións respectivas no prazo de **tres (3) días hábiles**.

### 2ª fase.- Entrevista (máximo 10 puntos):

A segunda fase do proceso selectivo consistirá nunha entrevista, profesional e regrada, que realizará a Comisión de Selección aos 10 candidato/as con máis puntuación que obtiveran polo menos 40 puntos na primeira fase, co obxectivo de determinar a súa aptitude, experiencia e capacidade de xestión para o desenvolvemento do posto de traballo. Será chamado en primeiro lugar o candidato/a con maior puntuación e así de xeito sucesivo. A duración da entrevista non excederá de 25 minutos e versará sobre as actividades a desenvolver no posto de traballo que figuran na base 4ª e sobre as materias relacionadas no apartado correspondente do anexo III das bases.

Á puntuación que obteñan os aspirantes na entrevista sumarase á puntuación obtida na baremación de méritos, respectivamente, resultando elixido o/a aspirante que teña a maior puntuación global.

### Duodécima.- Lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo

Rematada a proba, a Comisión de Selección publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios do Ingacal a lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo, concedendo un prazo de reclamacións de **tres (3) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación.

### Décimo terceira.- Lista definitiva coas puntuacións do proceso selectivo

O resultado do proceso selectivo determinarase pola suma das puntuacións obtidas polo/as aspirantes na fase de baremo de méritos e na fase da entrevista. O resultado do proceso selectivo





publicarase no taboleiro de anuncios do Ingacal e na páxina web por orde decrecente de puntuación.

#### **Décimo cuarta.- Criterios de desempate**

En caso de empate, de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, no suposto de infra-representación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), o empate resolverase a favor da muller. E como segundo criterio de desempate, estarase á letra establecida pola resolución do ano en curso pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección do persoal da Comunidade Autónoma.

#### **Décimo quinta.- Resolución da convocatoria**

A Comisión de Selección propondrá o candidato/a á dirección do Ingacal que resolverá o proceso de contratación mediante resolución motivada, publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios do Instituto. Esta resolución será notificada, para o seu coñecemento, a correspondente oficina de emprego.

O/A candidato/a seleccionado deberán aceptar o posto no prazo de **dous (2) días hábiles** contados dende o día seguinte o da publicación da Resolución do director na páxina web do Instituto

[http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion\\_e\\_formacion/instituto\\_galego\\_da\\_calidade\\_alimentaria/documentacion/persoal/](http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion_e_formacion/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/documentacion/persoal/) e, en caso de non aceptación, procederáse ao chamamento do/a candidato/a seguinte con maior puntuación no presente proceso selectivo.

#### **Décimo sexta- Lista de suplentes**

Os candidatos/as que obtiveran unha puntuación igual o superior a cinco (5) puntos na proba da entrevista persoal e que finalmente non fosen contratados pasarán a formar parte dunha lista de suplentes *ad hoc* que se fará pública coa lista definitiva das puntuacións, procedendo ao chamamento dos candidatos/as segundo a orde de prelación da mesma, de maior a menor puntuación.





A vixencia da lista coincidirá coa duración do servizo a desenvolver na presente contratación.

### **Décimo sétima.- Datos de carácter persoal**

Os datos de carácter persoal serán tratados segundo o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. Os/As candidatos/as que participen neste proceso selectivo consenten expresamente a incorporación dos seus datos de carácter persoal nos ficheiros existentes no Ingacal e ao seu tratamento. O titular dos datos de carácter persoal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos mesmos nos termos da devandita Lei Orgánica, solicitándoos nas oficinas do Ingacal, no Pazo de Quián s/n, 15881 Sergude (Boqueixón), A Coruña, en horario de 09:00 a 14:00 horas.

### **Décimo oitava .- Recursos**

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **Décimo novena.- Órgano de contratación**

Por Resolución de 24 de abril de 2013 (DOG núm. 85, 03/05/13) de delegación de competencias da Presidencia na persoa titular da Dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), corresponde a esta a condición de ser órgano de contratación do Instituto.

A tempo, e conforme á Resolución de 5 de setembro de 2012 (DOG núm. 178, 18/09/12), o titular da Dirección do Instituto Galego de Calidade Alimentaria (Ingacal), ten delegada a facultade do





Consello de Dirección prevista no artigo 6.d) do Decreto 259/2006, para a autorización da contratación de persoal temporal por obra ou servizo con cargo a proxectos e servizos de I+D+I.

### **Vixésima.- Disposición final**

A participación neste proceso selectivo por parte do/a candidato/a supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Sergude,

A Dirección do Ingacal

Tomás Fernández-Couto Juanas

